

Información aos depositantes no BBVA de instrumentos financeiros emitidos polo Banco Popular Español, S.A.

O BBVA pon en coñecemento dos seus clientes depositantes de valores do Banco Popular Español, S.A. que a Comisión Reitora do Fondo de Resolución Ordenada Bancaria (FROB), na sesión que tivo lugar o 7 de xuño de 2017, acordou adoptar as medidas necesarias para poñer en marcha o **dispositivo de resolución sobre esta entidade e que o instrumento de resolución é a venda do negocio mediante a transmisión das accións**.

En cumprimento da norma de resolución estableceuse que os titulares de accións ordinarias, os titulares de instrumentos de capital adicional de nivel 1 e nivel 2 absorban as perdas correspondentes antes de que se adopte calquera outra medida de resolución (ten dispoñible o detalle destes instrumentos no cadro da páxina 2).

Así os titulares das accións do Banco Popular Español S.A, os titulares de instrumentos de capital adicional de nivel 1 e os titulares de instrumentos de capital de nivel 2 deberán asumir as perdas xeradas na devandita entidade derivadas da súa valoración económica negativa así como do prezo ofrecido para a compra da entidade.

Para levar a cabo a anterior decisión o FROB tomou as seguintes medidas:

1. Unha redución do capital social a cero que determinou a amortización (extinción) de todas as accións da devandita entidade admitidas a negociación en bolsa;
2. A conversión en accións dos bonos continxentes convertibles que a devandita entidade tiña emitidos e unha segunda redución de capital a cero que determinou igualmente a súa amortización;
3. A conversión en accións dos bonos subordinados que igualmente tiña emitidos a devandita entidade; e
4. A venda, a través dun proceso competitivo de poxa, en que resultou adxudicatario o Banco Santander S.A., por un euro en total, de todas as accións resultantes da conversión dos bonos subordinados aos que se acaba de facer referencia”.

Se vostede non dispón de ningún dos activos que se mencionan a continuación, non está afectado por esta información

Detalle dos instrumentos financeiros do Banco Popular Español, S.A. afectados

1. As accións do Banco Popular Español, S.A., ISIN ES0113790226 amortízanse na súa totalidade.
2. A facultade de conversión e posterior amortización recaerá sobre os instrumentos de capital adicional de nivel 1 que son os seguintes:

CAPITAL ADICIONAL DE NIVEL 1

Emisor	ISIN
Banco Popular Español S.A.	XS0979444402
Banco Popular Español S.A.	XS1189104356
Popular Capital, S.A.	DE0009190702
Popular Capital, S.A.	DE000A0BDW10
Popular Capital, S.A.	XS0288613119
Pastor Participaciones Preferentes, S.A.U.	X80225590362

3. Finalmente, precísase a conversión do importe nominal dos instrumentos de capital de nivel 2, por ser iso necesario para acadar os obxectivos da resolución. Así, quedarán afectadas polo exercicio desta facultade as seguintes emisións:

INSTRUMENTOS DE NIVEL 2

Emisor	ISIN
Banco Popular Español S.A.	ES0213790001
Banco Popular Español S.A.	ES0213790019
Banco Popular Español S.A.	ES0213790027
BPE Financiaciones, S.A.	XS0550098569

Emisor	ISIN
Total Bankshares Corporation	SUBORDINATED DEBT TOTAL BANK 1
Total Bankshares Corporation	SUBORDINATED DEBT TOTAL BANK 2
Total Bankshares Corporation	SUBORDINATED DEBT TOTAL BANK 3
Total Bankshares Corporation	SUBORDINATED DEBT TOTAL BANK 4



Para máis información, o BBVA pon á súa disposición información sobre instrumentos de recapitalización bancaria en: <https://www.bbva.es/sistema/meta/info-legal/instrumentos-recapitalizacion.jsp>

Adicionalmente, ten dispoñible na web da CNMV (cnmv.es) o documento relativo ao proceso de resolución, así como unha nota Informativa da CNMV sobre esta operación (pode solicitar na súa oficina do BBVA unha copia destes documentos).

Opera e consulta en:



900 10 28 01



bbva.es



BBVA Apps



O teu caixeiro